

CHRISTINE DE PIZAN

Christine de Pisan foi unha filósofa, poeta, humanista e a primeira escritora profesional da historia. A súa vida entre finais da Idade Media e principios da Idade Moderna, naceu en Venecia en 1364. e faleceu en 1430 no Mosteiro de Poissy. A súa obra, *A cidade das damas* (1405) que fala dunha alegoría na que defende ás mulleres da cruel crica de Jean Meun, foi a más importante da súa carreira literaria. Ademais, hoxe en día é considerada unha das precursoras do feminismo occidental pola súa participación na “querella das mulleres”, un debate literario sobre a situación do sexo feminino na época.

Filla de Tomaso de Pisan, un físico, astrólogo e chanceler da república de Venecia, pasou a infancia na corte de Carlos V de Francia, onde o seu pai foi contratado, pouco despois do nacemento de Pisan.

Na corte, a moza educouse de forma autodidacta chegando a aprender, entre outras cousas, múltiples idiomas, tales coma o francés, o latín e o italiano. Tamén desenrolou os seus intereses intelectuais relacionados coa poesía, o humanismo e diferentes manuscritos presentes no arquivo real do rei.

En 1380, Christine casa con Étienne du Castel, secretario do monarca. Tiveron un feliz matrimonio a pesar de que ese mesmo ano o novo monarca reduciu os ingresos do seu marido. Desgraciadamente, dez anos despois Étienne e Tomaso falecen, deixando unha pequena herданza a Christine e ademais, tres fillos, unha sobriña e a súa nai ao seu coidado.

Por conseguinte, de Pisan decide usar o seu talento literario para manter a súa familia. Foi moi ben recibida pola nobreza e a realeza que non puxeron trabas ao traballo da moza. Pronto puido manter a súa familia grazas aos seus poemas e cancións. Destacou polo seu peculiar estilo narrativo, marcado nos primeiros textos pola tristeza dunha prematura viuvez. Máis adiante sería característico dela o feito de incluir datos biográficos moi precisos.

Christine é considerada unha das precursoras do feminismo occidental, por estar implicada na primeira polémica literaria arredor deste tema, o que sumado as súas obras en defensa das mulleres e da súa autosuficiencia convértena nunha figura fundamental do pensamento feminista. Compre destacar entre as súas obras: Seulette suy et seulette vueil estr (*Soíña estou e soíña quero estar*), Le livre de la Cite des Dames (*A cidade das damas*) e Le ditie de Jehanne D'Arc (*Poema a Xoana de Arco*).

De Pizan puxo fin a súa carreira literaria en 1429 coa súa última obra dedicada a Xoana de Arco pola súa valentía. Por último, retirouse a vivir a un convento onde faleceu en 1430 aos 66 anos, deixando atrás un legado feminista para todas e todos.